

LIGA DE PÁDEL DE BEGONTE

Normas reguladoras da competición:

- ✎ **Artigo 1.** Poderán participar aqueles xogadores/as nados/as en 2014 e anteriores. A liga é de carácter *amateur* e unha actividade de tempo libre para tódolos/as afeccionados/as ó pádel.
- ✎ **Artigo 2.** Establécese unha única categoría na que poden participar parellas masculinas, femininas ou mixtas.
- ✎ **Artigo 3.** Tódolos partidos terán que xogarse na Pista de Pádel de Begonte.
- ✎ **Artigo 4.** Cada parella deberá aboar 20€ en calquera das contas do Concello de Begonte facilitadas no modelo de inscrición e acompañar o resgardo no momento do rexistro da instancia de solicitude.
- ✎ **Artigo 5.** O pago da cota de inscrición inclúe un seguro de accidentes deportivos que poderá ser utilizado, previo aviso á organización.
- ✎ **Artigo 6.** O pago da cota de inscrición non inclúe o aluguer da pista de pádel.
- ✎ **Artigo 7.** Tódolos participantes na liga serán marcados como socios/as da pista ata o remate de xuño de 2027. Isto aplicará un desconto directo en calquera das reservas que fagan ata ese momento.
- ✎ **Artigo 8.** O sistema de competición dependerá do número de parellas inscritas. Se o número o permite, realizarase unha liga en cascada con varios grupos, habendo ascensos e descensos continuamente co fin de que sexan os partidos máis igualados.
- ✎ **Artigo 9.** A liga dará comezo a partir da terceira semana de outubro e rematará dependendo do número de parellas inscritas, aproximadamente a finais de xuño.
- ✎ **Artigo 10.** Cada xornada disputarase no período dunha semana, dende o luns (onde se poñerá a xornada en marcha) ata o domingo (onde como moi tarde terá que terse celebrado o partido).

A data e a hora fixarase de mutuo acordo entre ambas parellas, dando aviso con antelación á organización.

A reserva da pista para a disputa do partido sempre correrá a cargo da parella que xogue como local, repartindo os gastos entre as dúas parellas. A parella local tamén será a encargada de levar as bolas.



Ó rematar o encontro, a parella local responsabilizarase de avisar á organización do resultado do partido.

En caso de non poñerse de acordo na data e/ou hora, a organización fixará un horario que será sempre durante a fin de semana en función das horas libres da pista.

-  **Artigo 11.** No caso de que algún membro da parella teña unha lesión ou non poida disputar a liga durante tres xornadas por algunha causa de forza maior debidamente xustificada á organización, terá que ser substituído definitivamente por outro xogador que non tivera xogado con outra parella nesta competición.
-  **Artigo 12.** A cada parella entregaráselle un listado cos números de teléfono dos/das demais participantes co obxecto de que se poidan poñer en contacto.
-  **Artigo 13.** Se un partido está en xogo e finaliza a hora de duración estipulada na reserva da pista, o partido continuará ata finalizar salvo que a quenda posterior estea reservada para un aluguer ordinario alleo á competición e este se opoña en rotundo. Intentaremos solucionar este problema sen prexudicar a ninguén, cos ocos existentes.
-  **Artigo 14.** Crearase un grupo de Whatsapp con tódolos/as participantes que así o desexen. Este grupo servirá de canle para calquera tipo de información que a organización queira transmitir, así como para outras dúbidas, incidencias, etc. relacionadas coa liga que os/as participantes queiran enviar.
-  **Artigo 15.** Xogarase un partido por semana. Se é necesario algún aprazamento (por causa maior), farase previa autorización da organización. En ningún momento se poderán adiantar partidos de xornadas posteriores, e se é o caso, ambas parellas poderán ser sancionadas coa perda de puntos na clasificación.
-  **Artigo 16.** Unicamente se permitirá ter un partido aprazado como máximo. No caso de ter máis dun encontro pendente (a maiores do propio partido da xornada), a organización resérvase o dereito a penalizar á parella coa perda do partido ou coa expulsión da liga se fose reincidente.

Regulamento da competición:

-  **Artigo 17.** As regras de xogo serán as establecidas polo Regulamento da Federación Española de Pádel.
-  **Artigo 18.** Os partidos xogaranse ó mellor de 3 sets, é dicir, a parella vencedora



será aquela que gañe 2 sets. Xogaranse os 3 sets para o reparto de puntos.

 **Artigo 19.** O sistema de puntuación será o seguinte: cada set gañado supoñerá +1 punto. Podendo ser o resultado 2-1 (sumará 2 puntos o equipo vencedor e 1 punto o equipo perdedor) ou 3-0 (sumará 3 puntos o equipo vencedor e ningún o equipo perdedor).

 **Artigo 20.** Establécese a norma de Punto de Ouro para os xogos nos que se chegue ó empate a 40.

 **Artigo 21.** Os partido autoarbitraranse, é dicir, serán os propios xogadores/as os/as que arbitren os seus partidos.

 **Artigo 22.** Se pasados 15 minutos da hora fixada para o partido algún xogador/a da parella non está na pista para xogar, daráselle o encontro por perdido polo resultado de 3 sets a 0, (6-0 / 6-0 / 6-0) e restaráselle 3 puntos na clasificación ó equipo infractor. Se a mesma parella volve a reincidir nesta falta grave será expulsada da liga e sancionada con 1 ano sen poder participar en ligas ou torneos de pádel organizados pola Concellería de Deportes do Concello de Begonte. Soamente se sancionará coa exclusión de 1 ano ós/ás membros da parella que non se presenten, é dicir, se un dos membros da parella se presenta non será sancionado pero si excluído da liga.

 **Artigo 23.** A clasificación realizarase tendo en conta:

-  1. Puntos.
-  2. Enfrontamento directo (en caso de empate).
-  3. Diferenza de sets a favor e en contra dos/das implicados/as.
-  4. Sets a favor dos/das implicados/as.
-  5. Sets en contra dos/as implicados/as.
-  6. Partido de desempate.

 **Artigo 24.** A organización resérvase o dereito a adaptar ou modificar calquera destas normas, no caso necesario para o bo desenvolvemento da competición.

